
Galician Books for Children & Young Adults 2023

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2023

Libros infantiles y juveniles de Galicia 2023



XUNTA DE GALICIA

Galician Books for Children & Young Adults **2023**

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2023

Libros infantiles y juveniles de Galicia 2023

XUNTA DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Edita
Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Dirección Xeral de Cultura

Coordinación e revisión editorial
Mercedes Pacheco Vázquez

Traducións
Mercedes Pacheco Vázquez e Roi Pérez Vila

Ilustración da cuberta
Víctor Rivas

Maquetación
Mallante Estudio

Produción
GÁLIX

D.L.
C 288-2018

Galician Books for Children & Young Adults 2023

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2023

Libros infantiles y juveniles de Galicia 2023

07
Reading Promotion
Promoción da lectura
Promoción de la lectura

13
Books
Libros
Libros

141
Publishers'
Enderezos das editoriais
Direcciones de las editoriales

147
Index publications
Índice publicacións
Índice publicaciones

O determinante papel da literatura infantil e xuvenil

A literatura infantil e xuvenil ocupa en Galicia unha importante parte do seu sector editorial, ademais de constituír un dos seus máis dinámicos axentes culturais e pedagóxicos. A LIX é un dos xéneros literarios máis dinámicos que existen, cunha capacidade de adaptación e resposta ante a realidade social que fala moito e moi ben tanto do talento dos seus autores como da súa flexible creatividade.

Galicia é un referente no que se refire á produción de obras enmarcadas neste modelo literario. As publicacións responden á inclusión, á sustentabilidade e á equidade que debe rexer o momento histórico que afrontamos; unha situación que debe acompañar, igualmente, un modelo formativo que incida nestes aspectos e que se valla da LIX como unha das súas máis pertinentes ferramentas de coñecemento e divulgación.

Os volumes de literatura infantil e xuvenil en Galicia levan emparellada unha gran responsabilidade afectiva e emocional, ademais de compoñer un dos máximos emblemas do emprego da lingua galega entre os máis cativos. Neste senso, supoñen un achegamento didáctico e práctico ao noso idioma, ofrecendo normalización e riqueza léxica, ademais de ampliar o horizonte simbólico e semántico dos novos lectores.

A LIX vive nestes intres unha época de calidade, de excelencia, de prestixio e de recoñecemento por parte do mundo da cultura. A isto engádese un aumento nas publicacións e un consumo crecentes deste tipo de literatura nos centros educativos e nas bibliotecas públicas.

Debemos reivindicar este momento e potenciar o seu desenvolvemento con actuacións coordinadas entre todos os axentes do sector para achegar novos lectores e para asegurar a maior diversidade posible entre as distintas publicacións. O deseño dunha estratexia común permitirá a mellora do rendemento profesional e o asentamento laboral dos autores, ademais do enriquecemento do panorama editorial da nosa Comunidade.

O catálogo que inicia este texto é un reflexo evidente de que se avanza na boa dirección; de que cada vez son máis os actores editoriais que se suman a un modelo de produción crecente en Galicia, e de que cada vez é maior a calidade dos autores e autoras que practican a LIX. Debemos sentirnos orgullosos de canto acadamos até o de agora, pero sen conformarnos. Por iso, confío en seguir traballando para seguir sumando novos triunfos para a LIX galega e, por extensión, para a cultura de toda Galicia.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Xunta de Galicia

El determinante papel de la literatura infantil y juvenil

La literatura infantil y juvenil ocupa en Galicia una importante parte de su sector editorial, además de constituir uno de sus más dinámicos agentes culturales y pedagógicos. La LIJ es uno de los géneros literarios más dinámicos que existen, con una capacidad de adaptación y respuesta ante la realidad social que habla mucho y muy bien tanto del talento de sus autores como de su flexible creatividad.

Galicia es un referente en lo que se refiere a la producción de obras enmarcadas en este modelo literario. Las publicaciones responden a la inclusión, a la sustentabilidad y a la equidad que debe regir el momento histórico que afrontamos; una situación que debe acompañar, igualmente, a un modelo formativo que incida en estos aspectos y que se valga de la LIJ como una de sus más pertinentes herramientas de conocimiento y divulgación.

Los volúmenes de literatura infantil y juvenil en Galicia llevan aparejada una gran responsabilidad afectiva y emocional, además de componer uno de los máximos emblemas del empleo de la lengua gallega entre los más pequeños. En este sentido, suponen un acercamiento didáctico y práctico a nuestro idioma, ofreciendo normalización y riqueza léxica, además de ampliar el horizonte simbólico y semántico de los nuevos lectores.

La LIJ vive en estos momentos una época de calidad, de excelencia, de prestigio y de reconocimiento por parte del mundo de la cultura. A esto se le añade un aumento de las publicaciones y un consumo crecientes de este tipo de literatura en los centros educativos y en las bibliotecas públicas.

Debemos reivindicar este momento y potenciar su desarrollo con actuaciones coordinadas entre todos los agentes del sector para aportar nuevos lectores y para asegurar la mayor diversidad posible entre las distintas publicaciones. El diseño de una estrategia común permitirá la mejora del rendimiento profesional y el asentamiento laboral de los autores, además del enriquecimiento del panorama editorial de nuestra Comunidad.

El catálogo que inicia este texto es un reflejo evidente de que se avanza en la buena dirección; de que cada vez son más los actores editoriales que se suman a un modelo de producción creciente en Galicia, y de que cada vez es mayor la calidad de los autores y autoras que practican la LIJ. Debemos sentirnos orgullosos de cuanto hemos conseguido hasta ahora, pero sin conformarnos. Por eso, confío en seguir trabajando para seguir sumando nuevos triunfos para la LIJ gallega y, por extensión, para la cultura de toda Galicia.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades
Xunta de Galicia

The decisive role of children and youth literature

Children and youth literature occupies an important part of Galicia's publishing industry, as well as being one of its most dynamic cultural and pedagogical agents. It is one of the most dynamic literary genres in existence, with a capacity to adapt and respond to social reality that speaks volumes about the talent of its authors and their flexible creativity.

Galicia is a reference in terms of the production of works framed within this literary model. The publications respond to the inclusion, sustainability and equity that must govern the historical moment we face; a situation that must also go hand in hand with an educational model that focuses on these aspects and that makes use of the CYL as one of its most relevant tools of knowledge and dissemination.

Children and youth literature publications in Galicia bear a great affective and emotional responsibility, as well as being one of the best examples of the use of the Galician language among children. In this sense, they represent a didactic and practical approach to our language, offering standardisation and lexical richness, as well as broadening the symbolic and semantic range of new readers.

The CYL is currently experiencing a period of quality, excellence, prestige and recognition by the world of culture. In addition to this, there is an increase in publications and a growing consumption of this type of literature in educational centres and public libraries.

We must defend this moment and promote its development with coordinated actions between all the agents in the industry in order to bring new readers and to ensure the greatest possible diversity between the different publications. The design of a common strategy will allow for the improvement of professional performance and the employment of authors, as well as the enrichment of the publishing scene in our Community.

The catalogue that begins this text is a clear reflection of the fact that we are moving in the right direction; that more and more publishing actors are joining a growing production model in Galicia, and that the quality of the authors who practice the CYL is increasing. We should be proud of what we have achieved so far, but we should not be satisfied. For this reason, I am confident that we will continue working to continue adding new triumphs for the Galician CYL and, by extension, for the culture of Galicia as a whole.

Román Rodríguez González
Galician Minister of Culture, Education, Vocational Training and Universities
Xunta de Galicia

GÁLIX

Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil
Centro de Emprendemento Creativo de Galicia. Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás
15707 Santiago de Compostela, A Coruña (España)
www.galix.org galix@galix.org

Normalidade

A medida que nos afastamos dos terribles días da pandemia, a normalización da vida cotiá evidencia os síntomas dunha recuperación esperanzada. No mundo do libro observamos índices indiscutibles do que o ataque da COVID-19 representou culturalmente na sociedade moderna. E, cunha importancia ao mellor máis salientable, nos territorios da LIX. Superados os illamentos do ano 20 e os temores do 21, o pasado curso 2022 abriu as portas a feiras, reunións intelectuais, seminarios presenciais, presentacións de libros, novas exposicións... Abofé que por fin respiramos.

Porén, as consecuencias da pandemia tamén amosan outros aspectos que deberemos valorar co camiñar do tempo. Por exemplo, dunha banda a tendencia a ler máis en todas as franxas de idade. Por outra, do confinamento da xente creadora están emerxendo produtos culturais insospeitados na normalidade cotiá. Semella que a creatividade se disparou entre as catro paredes da soidade. O resultado, no noso territorio libreiro de literatura infantil e xuvenil, son publicacións dunha calidade e orixinalidade extraordinarias, ademais do aumento en cantidade e no bo facer, á marxe das urxencias dos tempos fixados polas esixencias editoras, de conmemoracións, de calendarios educativos...

O presente catálogo é unha publicación que se suma, sen ausentarse da cita anual, á normalidade achegando o extraordinario vigor da LIX galega nos tempos da pospandemia. Títulos e publicacións que se amosan ao mundo con renovado orgullo, ao tempo que se recupera o avance firme que nos caracteriza.

Xosé Antonio Perozo
Presidente de GÁLIX

Normality

As we move away from the terrible days of the pandemic, the normalisation of everyday life is showing signs of a hopeful recovery. In the world of books we see undeniable expressions of what the COVID-19 outbreak has represented culturally in modern society. And, even more importantly, in the territories of the CYL. Having overcome the confinements of 2020 and the fears of 2021, the past academic year 2022 opened the doors to fairs, intellectual meetings, face-to-face seminars, book presentations, new exhibitions... At last we breathe.

However, the consequences of the pandemic also show other elements that we will have to assess over time. On the one hand, for instance, the tendency to read more in all age groups. On the other hand, out of the cloistering of creative people, cultural products are emerging that were previously unsuspected in everyday normality. It seems as if creativity has taken off within the four walls of solitude. The result, in our field of children and youth literature, is extraordinary quality and originality in publications, in addition to the increase of quantity and good work, without the haste of the times set by the demands of publishing houses, commemorations, educational calendars...

The present catalogue is a publication that, without having been absent from the annual event, adds to the normality, showing the extraordinary vigour of the Galician CYL in the post-pandemic times. Published titles and releases are shown to the world with renewed pride, recovering the steady progress that characterises us.

Xosé Antonio Perozo
President of GÁLIX


Normalidad

A medida que nos alejamos de los terribles días de la pandemia, la normalización de la vida cotidiana evidencia los síntomas de una recuperación esperanzada. En el mundo del libro observamos exponentes indiscutibles de lo que el ataque de la COVID-19 ha representado culturalmente en la sociedad moderna. Y, con una importancia si se quiere más relevante, en los territorios de la LIJ. Superados los aislamientos del año 20 y los temores del 21, el pasado curso 2022 abrió las puertas a ferias, reuniones intelectuales, seminarios presenciales, presentaciones de libros, nuevas exposiciones... Por fin respiramos.

Sin embargo, las consecuencias de la pandemia también muestran otros aspectos que deberemos valorar con el paso del tiempo. Por ejemplo, por un lado la tendencia a leer más en todas las franjas de edad. Por otro, del enclaustramiento de la gente creadora están emergiendo productos culturales insospechados en la normalidad cotidiana. Parece como si la creatividad se hubiera disparado entre las cuatro paredes de la soledad. El resultado, en nuestro ámbito librero de la literatura infantojuvenil, son publicaciones de una calidad y originalidad extraordinarias, además del aumento en cantidad y el buen hacer, sin las prisas de los tiempos fijados por las exigencias editoras, de conmemoraciones, de calendarios educativos...

El presente catálogo es una publicación que, sin haber estado ausente de la cita anual, se suma a la normalidad mostrando el extraordinario vigor de la LIJ gallega en los tiempos de la pospandemia. Títulos y publicaciones que se muestran al mundo con renovado orgullo, recuperando el avance firme que nos caracteriza.

Xosé Antonio Perozo
Presidente de GÁLIX



BOOKS
LIBROS



Animais míticos do Camiño de Santiago

Mes de publicación: novembro
Texto: César Cequeliños
Ilustracións: Jorge Campos
Descrición: 40 p. 24 x 17 cm
ISBN: 978-84-125593-1-6




Sabías que hai animais que habitan unicamente na imaxinación? Durante moitos séculos seres míticos espertaron a fascinación e o arrepío de moitas civilizacións. Aínda hoxe permanecen vivos en relatos e obras de arte. Con este libro coñecerás algunhas destas criaturas fabulosas e por que están relacionadas coas diferentes rutas cara a Santiago de Compostela.


Did you know that there are animals that live only in our imagination? For many centuries mythical beings have aroused both fascination and terror in many civilisations. They are still alive today in stories and works of art. With this book you will learn about some of these fabulous creatures and why they are related to the different ways to Santiago de Compostela.

¿Sabías que hay animales que habitan únicamente en la imaginación? Durante muchos siglos seres míticos han despertado la fascinación y el terror de muchas civilizaciones. Todavía hoy permanecen vivos en relatos y obras de arte. Con este libro conocerás algunas de estas criaturas fabulosas y por qué están relacionadas con las diferentes rutas hacia Santiago de Compostela.

Historia da Galicia pequeniña

Mes de publicación: maio
Texto: César Cequeliños
Ilustracións: Jorge Campos
Descrición: p. 17 x 24 cm
ISBN: 978-84-124512-9-0






Unha ferramenta de aprendizaxe imprescindible. O pasado de Galicia como nunca cho contaron. Mapas, obxectos, acontecementos e personaxes para que nos coñezamos mellor. O libro non só recolle os principais períodos históricos, senón que ten en conta as máis modernas tendencias e descubertas historiográficas: atención ao papel da muller e das minorías, historia social, simboloxía... Todo cun estilo visual e moi ameno.


An essential learning tool. Galicia's past in a way you've never been told before. Maps, objects, events and characters for us to get to know each other better. This book not only covers the main historical periods, but also takes into account the most modern historiographical trends and discoveries: attention to the role of women and minorities, social history, symbology... All in a visual and very pleasant style.

Una herramienta de aprendizaje imprescindible. El pasado de Galicia como nunca te lo han contado. Mapas, objetos, acontecimientos y personajes para que nos conozcamos mejor. Este libro no solo recoge los principales periodos históricos, sino que tiene en cuenta las más modernas tendencias y descubrimientos historiográficos: atención al papel de la mujer y de las minorías, historia social, simbología... Todo con un estilo visual y muy ameno.



Gazafellos 2

Mes de publicación: setembro
Texto e ilustracións: Fon (Alfonso Barreiro)
Descrición: 64 p. 21 x 29,7 cm
ISBN: 978-84-125593-3-0




Prepárate a gazafellar ben gazafellado. Os Gazafellos están de volta e prepararon unha chea de aventuras ben gazafellas. Tami, Fede, Tiago e Mauro coñecerán novos personaxes e vivirán situacións moi divertidas. Segunda parte da serie de Fon. Cómic infantil cheo de humor e fantasía, con personaxes moi carismáticos, onde a lectura ten un papel fundamental como cultivadora da imaxinación.


Get ready to go full gazafello. The Gazafellos are back and have prepared a lot of adventures well gazafellas. Tami, Fede, Tiago and Mauro will meet new characters and live very funny situations. Part two of the Fon series. A children's cartoon full of humour and fantasy, with very charismatic characters, in which reading plays a fundamental role as a way of cultivating the imagination.

Prepárate a gazafellar bien gazafellado. Los Gazafellos están de vuelta y han preparado un montón de aventuras bien gazafellas. Tami, Fede, Tiago y Mauro conocerán nuevos personajes y vivirán situaciones muy divertidas. Segunda parte de la serie de Fon. Cómic infantil lleno de humor y fantasía, con personajes muy carismáticos, donde la lectura tiene un papel fundamental como cultivadora de la imaginación.

A encantadora de serpes

Mes publicación: xuño
Texto: Álex Mene
Ilustracións: Blanca G. Crespán
Descrición: p. 36 21,5 x 28 cm
ISBN: 978-84-18567-24-7





Álex Mene e Blanca G. Crespán volven xuntar a súa inspiración nun álbum ilustrado para primeiras lecturas publicado no selo Verdemar dedicado á LIX. Despois do seu debut en 2018 con *A raíña das tortas* (Verdemar), regresan con esta nova historia onde a ilusión é o motor que nos impulsa na vida. Este álbum celebra a diversidade e reivindica a ilusión como motor necesario para que cada nena e neno atopen o seu lugar.

Álex Mene and Blanca G. Crespán are once again combining their inspiration in an illustrated album for early readers, published under the Verdemar imprint, dedicated to children's and young adult literature. After their debut in 2018 with *A raíña das tortas* (Verdemar), they return with this new story where illusion is the engine that powers us in life. This album celebrates diversity and vindicates illusion as the necessary engine for every child to find their own place.

Álex Mene y Blanca G. Crespán vuelven a unir su inspiración en un álbum ilustrado para primeras lecturas publicado en el sello Verdemar dedicado a la LIJ. Después de su debut en 2018 con *A raíña das tortas* (Verdemar), regresan con esta nueva historia donde la ilusión es el motor que nos impulsa en la vida. Este álbum celebra la diversidad y reivindica la ilusión como motor necesario para que cada niño y niña encuentren su lugar.



Luuume!

Mes de publicación: xaneiro
Texto: Andrea Freire
Ilustracións: Laura Miranda Moreno
Descrición: 44 p. 22 x 22 cm
ISBN: 978-84-09-36810-5




Misto sempre anda alporizado e, mentres, a vida vai pasando. A súa familia e amizades tentarán axudalo pero serán quen de conseguilo?
Neste álbum ilustrado para cativos cóntase a historia do pequeno Misto, que sempre está enfadado. Fermosa historia que fomenta na rapazada a autoaceptación, a xestión da ira e o autocontrol dun xeito ameno e atractivo.

Misto is always in a rage and, in the meantime, life goes by. His family and friends try to help him, but will they be able to do it?
With this children's picture book, we want to tell the story of little Misto, who is always angry. A beautiful story that encourages self-acceptance, anger management and self-control in an entertaining and attractive way.

Misto siempre está enfurecido y, mientras, la vida va pasando. Su familia y amistades intentarán ayudarlo pero ¿serán capaces de conseguirlo?
En este álbum ilustrado para niños se cuenta la historia del pequeño Misto, que siempre está enfadado. Hermosa historia que fomenta en la infancia la autoaceptación, la gestión de la ira y el autocontrol de un modo ameno y atractivo.

Miquits

Mes de publicación: maio
Texto: Xabier Domínguez / Alba De Evan
Ilustracións: Paula Cheshire
Descrición: 56 p. 15 x 22 cm
ISBN: 978-84-09-33067-6





Miquits é un gato, mais non un calquera, é o gato dunha bruxa. Xunto a ela vivirá mil e unha aventuras perigosas, divertidas e emocionantes para se esmendrellar coa risa. Atréveste a acompañalo?
Nesta banda deseñada os cativos aprenderán o valor da amizade e do compañeirismo.


Miquits is a cat, but not just any cat, he is the cat of a witch. Together with her, he will live a thousand and one dangerous, fun and exciting adventures to make you laugh. Do you dare to join him?
In this band the kids will learn the value of friendship and companionship.

Miquits es un gato, pero no uno cualquiera, es el gato de una bruja. Junto a ella vivirá mil y una aventuras peligrosas, divertidas y emocionantes para partirse de risa. ¿Te atreves a acompañarlo?
En este cómic los niños aprenderán el valor de la amistad y del compañerismo.



Sálice e Sándala

Mes de publicación: setembro
Texto: Xoán Babarro
Ilustracións: Ignacio Hernández
Descrición: 106 p. 14 x 21 cm
ISBN: 978-84-125452-2-7




Esta novela infantil/xuvenil ilustrada fantástica presenta unha historia de amizade e loita contra o abuso. A través dos protagonistas viviremos aventuras en prol dun mundo mellor, representando valores universais como a defensa da liberdade, a igualdade e a democracia.

This fantastic, illustrated children's/young adult novel presents a story of friendship and the fight against abuse. Through the main characters we will experience adventures in favour of a better world, representing universal values such as the defence of freedom, equality, and democracy.

Esta novela infantil/juvenil ilustrada fantástica presenta una historia de amistad y lucha contra el abuso. A través de los protagonistas viviremos aventuras a favor de un mundo mejor, representando valores universales como la defensa de la libertad, la igualdad y la democracia.

A mona de Schrödinger

Mes de publicación: outubro
Texto: Uxío Larvós
Descrición: 215 p. 14,3 x 21 cm
ISBN: 978-84-9995-415-8



Por falta de vacantes na súa propia especie, unha mona bonoba resígnase a que na vindeira reencarnación lle toque acomodarse nun pelello humano, posibilidade que, tendo presente que ambas as especies comparten preto do 99 % dos xenes, coida que non debe estar de todo mal. Mais axiña comprenderá o seu monumental erro de cálculo.
A mona de Schrödinger convídanos a acompañar unha mordaz e irreverente bonoba, que como humana responde ao nome de Suso Mouriño.


Lacking vacancies in her own species, a bonoba monkey resigns herself to the fact that in the next reincarnation she will have to fit into a human skin. Considering that the two species share about 99 % of their genes, she thinks this should not be all that bad. But she quickly realises her gross miscalculation.
With this starting point, *A mona de Schrödinger* invites us to accompany this mordant and irreverent bonoba, who, as a human, goes by the name of Suso Mouriño.

Por falta de vacantes en su propia especie, una mona bonoba se resigna a que en la siguiente reencarnación le toque acomodarse en un pellejo humano, posibilidad que, teniendo presente que ambas especies comparten cerca del 99 % de los genes, piensa que no debe estar de todo mal. Pero rápidamente comprenderá su monumental error de cálculo.
A mona de Schrödinger nos invita a acompañar a esta mordaz e irreverente bonoba, que como humana responde al nombre de Suso Mouriño.

Baía Edicións

Donas de nós

Mes de publicación: xullo
Texto: Ánxela Gracián
Descrición: 92 p. 13 x 19 cm
ISBN: 978-84-9995-406-6




A Morgana desta obra, implacable co patriarcado, asume como misión propia que as mulleres sexan donas de si. Co mago Merlín como aliado, axudará a Mendiña, unha moza fermosa, libre e apaixonada, que vive recitando os seus poemas polo Camiño a Compostela ata que un día se cruza, por azar, cun príncipe. Este, seducido pola súa beleza, valentía e naturalidade, pídelle matrimonio e négase a casar con Mademoiselle Xuxú, unha rica princesa provenzal que resulta moi conveniente para todas e todos.

Morgana, relentless with the patriarchy, makes it her mission to make women their own masters. With the magician Merlin as her ally, she will help Mendiña, a beautiful, free and passionate young woman, who lives reciting her poems on the Way to Compostela, until one day, by chance, she crosses paths with a prince who, seduced by her beauty, bravery and naturalness, asks her to marry him, refusing to marry Mademoiselle Xuxú, a rich Provençal princess who is highly convenient for everyone.

Morgana, implacable con el patriarcado, asume como misión propia que las mujeres sean dueñas de sí. Con el mago Merlín como aliado, ayudará a Mendiña, una joven hermosa, libre y apasionada, que vive recitando sus poemas por el Camino a Compostela hasta que un día, por azar, se cruza con un príncipe. Este, seducido por su belleza, valentía y naturalidad, le pide matrimonio, negándose a casarse con Mademoiselle Xuxú, una rica princesa provenzal que resulta muy conveniente para todas y todos.

O segredo de Caaveiro

Mes de publicación: marzo
Texto: María Antonia Quesada
Descrición: 200 p. 13 x 19 cm
ISBN: 978-84-9995-387-8



Paloma, Paula e o seu curmán Alex van pasar as vacacións coa súa amiga Uxía, filla dun mariñeiro da aldea aresá de Redes. Pensan facer excursións e ir á praia, mais o verán será moi distinto a como o imaxinaran. A familia de Uxía fai fronte a unha grave dificultade pola que a veciñanza se puxera a mal con eles. Ao matinar como poderían axudar a Uxía, os nenos atopan nunha antiga biblioteca un libro cunha estraña mensaxe de auxilio que os levará ata as Fragas do Eume.


Paloma, Paula and her cousin Alex are going to spend their holidays with their friend Uxía, the daughter of a sailor from the village of Redes in Ares. They had planned to go on excursions and to the beach, but their summer will be very different from what the four of them expected. Uxía's family is faced with a serious difficulty because the neighbours have become angry with them. Whilst they are thinking about how they can help Uxía, the children find a book in an old library with a strange distress message that will lead them to the Fragas do Eume.

Paloma, Paula y su primo Alex van a pasar las vacaciones con su amiga Uxía, hija de un marinero de Redes, perteneciente al municipio de Ares. Habían pensado hacer excursiones e ir a la playa, pero el verano será muy distinto a como lo habían imaginado. La familia de Uxía se enfrenta a una grave dificultad por la que la vecindad se había puesto en su contra. Mientras piensan cómo podrían ayudar a Uxía, los niños encuentran en una antigua biblioteca un libro con un extraño mensaje de auxilio que los llevará hasta las Fragas do Eume.



A caída de Guiomar

Mes de publicación: xullo
Texto: Alba Rozas Arceo
Ilustracións: Iago Torres París
Descrición: 132 p. 14,5 x 20,5 cm
ISBN: 978-84-125812-4-9




Tras un século baixo a protección da raíña Guiomar, as terras de Eabaca vense ameazadas pola aparición dun monstruoso cabalo e a chegada da Orcavella, unha criatura cun poder tal que ninguén lle pode facer fronte. Só cando a pandeireteira decide acompañar a guerreira Tegra na súa viaxe polas catro parroquias do reino, a esperanza volve agromar. A súa misión non será doada, pois mouros, nubeiras, xans, luciñas e xente cativa terán que unir forzas se queren conservar a liberdade.


After a century under the protection of Queen Guiomar, the lands of Eabaca are threatened by the appearance of a monstrous horse and the arrival of the Orcavella, a creature so powerful that no one can stand up to it. It is only when the tambourine player decides to accompany the warrior Tegra on her journey through the four parishes of the kingdom that hope returns. However, their mission will not be easy, as moros, nubeiras, xans, luciñas and tiny people will have to join forces if they want to preserve their freedom.

Después de un siglo bajo la protección de la reina Guiomar, las tierras de Eabaca se ven amenazadas por la aparición de un monstruoso caballo y la llegada de la Orcavella, una criatura con un poder tal que nadie le puede hacer frente. Solo cuando la panderetera decide acompañar a la guerrera Tegra en su viaje por las cuatro parroquias del reino, la esperanza vuelve a surgir. Su misión no será fácil ya que moros, nubeiras, xans, luciñas y gente diminuta tendrán que unir fuerzas si quieren conservar la libertad.

A tumba do último pirata

Mes de publicación: xullo
Texto: Álex Bayorti
Ilustracións: Iago Torres París
Descrición: 116 p. 14,5 x 20,5 cm
ISBN: 978-84-125812-6-3






Cando a tía Aixa chega á casa dos seus sobriños, ningún deles sospeita que exista un xeito de vivir unha historia de aventuras máis alá da videoconsola. Pero a tía ensínalles os xogos de rol, onde só precisan a súa imaxinación para levalos ao século XVIII. Alí, en plena época dourada da pirataría, acompañarán a Tru'an, Kack'tar, Mario, Antonio e Botas nunha aventura digna do máis temíbel dos piratas.

When Aunt Aixa arrives at her nephews' house, none of them can suspect that there is a way to live an adventure story beyond the video game console. But the aunt teaches them role-playing games, where all they need is their imagination, which will take them back to the 18th century. There, at the height of the golden age of piracy, they will accompany Tru'an, Kack'tar, Mario, Antonio and Botas on an adventure worthy of the most fearsome of pirates.

Cuando la tía Aixa llega a casa de sus sobrinos, ninguno de ellos sospecha que exista un modo de vivir una historia de aventuras más allá de la vídeoconsola. Pero la tía les enseña los juegos de rol, donde solo necesitan su imaginación para llevarlos al siglo XVIII. Allí, en plena época dorada de la piratería, acompañarán a Tru'an, Kack'tar, Mario, Antonio y Botas en una aventura digna del más temible de los piratas.



As aventuras do Cabaleiro de Prata

Mes de publicación: setembro
Texto: Ana María Mariño Arias
Ilustracións: Iago Torres París
Descrición: 114 p. 14,5 x 20,5 cm
ISBN: 978-84-125812-0-1



Despois de morrer a súa avoa, un cativo descobre entre os vellos libros da súa biblioteca un que narra as aventuras do Cabaleiro de Prata. Este intrépido loitador, na compaña do seu fiel escudeiro, debe percorrer as terras que fagan falta axudando a quen o precise até descubrir o seu propio reino. Na súa xesta atravesará torres, cidades e illas cheas de maxia, enfrontarase a dragóns, magos, encantadoras, xigantes e mesmo a outros cabaleiros que non sempre son o que aparentan.

After the death of his grandmother, a young boy discovers among the old books in his library one that narrates the adventures of the Silver Knight. This intrepid fighter, accompanied by his faithful squire, must travel the lands that are needed to help those who need it until he discovers his own kingdom. In his quest he will cross towers, cities and islands, full of magic, he will face dragons, wizards, enchantresses, giants and even other knights who are not always what they seem.

Después de morir su abuela, un niño descubre entre los viejos libros de su biblioteca uno que narra las aventuras del Caballero de Plata. Este intrépido luchador, en compañía de su fiel escudero, debe recorrer las tierras que hagan falta ayudando a quien lo necesite hasta descubrir su propio reino. En su gesta atravesará torres, ciudades e islas llenas de magia, se enfrentará a dragones, magos, encantadoras, gigantes e incluso a otros caballeros que no siempre son lo que aparentan.

As probas do mago

Mes de publicación: xullo
Texto: Vanesa Santiago
Ilustracións: Iago Torres París
Descrición: 116 p. 14,5 x 20,5 cm
ISBN: 978-84-125812-3-2





Fuco descobre que a súa avoa, Rosalía, é unha poderosa meiga do Courel cando aparece na súa vida o vello druída Roque Dúasaugas. O druída está convencido de que Fuco pode converterse no seu aprendiz e chegar a ser un gran mago. Para acadar o posto de aprendiz, Fuco deberá vencer nunha serie de probas a intelixente e insoportábel Aldara, ao tempo que un misterioso ser escuro lle tenta arruinar a competición. Intriga, natureza, diversión e lendas farán que Fuco coñeza a súa maxia interior.

Fuco discovers that his grandmother, Rosalía, is a powerful witch from O Courel when the old druid Roque Dúasaugas appears in his life. The druid is convinced that Fuco can become his apprentice and become a great magician. However, in order to become his apprentice, Fuco will have to beat the intelligent and unbearable Aldara in a series of tests, while a mysterious dark being tries to ruin the competition. Intrigue, nature, fun and legends will make Fuco discover his inner magic.

Fuco descubre que su abuela, Rosalía, es una poderosa bruja de O Courel cuando aparece en su vida el viejo druida Roque Dúasaugas. El druida está convencido de que Fuco se puede convertir en su aprendiz y llegar a ser un gran mago. Para conseguir el puesto de aprendiz, Fuco deberá vencer en una serie de pruebas a la inteligente e insoportable Aldara, al mismo tiempo que un misterioso ser oscuro le intenta arruinar la competición. Intriga, naturaleza, diversión y leyendas harán que Fuco conozca su magia interior.

Boadicea Editora



O biosbardo e os paxaros sen cor

Mes de publicación: novembro
Texto: Alba Rozas Arceo / José Manuel Dopazo Entenza
Ilustracións: Iago Torres París
Descrición: 19 p. 23 x 15,5 cm
ISBN: 978-84-125812-7-0




Cando o biosbardo pasou, a pita do monte, a pega, o picapeixe, o verderolo... e até sete paxaros quedaron sen cor! Queres saber como son e o que argallou o biosbardo? Mergúllate nesta aventura chea de sorpresas.


When the gambusino passed by, the capercaillie, the magpie, the kingfisher, the greenfinch... and up to seven birds were left without colour! Do you want to know what they look like and what the gambusino came up with? Dive into this adventure full of surprises.

Cuando el gambusino pasó, ¡el urogallo, la urraca, el martín pescador, el verderol... y hasta siete pájaros quedaron sin color! ¿Quieres saber cómo son y qué ideó el gambusino? Sumérgete en esta aventura llena de sorpresas.

Pegadas de búfalo

Mes de publicación: xullo
Texto: Tomás Rivera
Ilustracións: Iago Torres París
Descrición: 123 p. 14,5 x 20,5 cm
ISBN: 978-84-125812-2-5






O salvaxe Oeste é un mundo tan perigoso como fascinante. Sarah Parsons descubrirao cando se mude coa súa familia ao territorio de Montana. A súa nova vida non será doada: coñecerá o medo, a inxustiza e as falcatruadas dos que burlan a lei. Pero tamén fará novos amigos, como o bravo búfalo Choutón, que a axudará a superar todos os atrancos. A súa aventura estará ateigada de pistoleiros, foraxidos, soldados de cabalaría, indios síux... e mesmo búfalos!

The Wild West is a world as dangerous as it is fascinating. Sarah Parsons discovers this when she moves with her family to the Montana Territory. Her new life will not be easy: Sarah will meet fear, injustice and the misdeeds of those who flout the law. But she will also make new friends, like the brave buffalo Choutón, who will help her overcome all obstacles. Her adventure will be full of gunfighters, outlaws, cavalrymen, Sioux Indians... and even some buffalo!

El salvaje Oeste es un mundo tan peligroso como fascinante. Sarah Parsons lo descubrirá cuando se mude con su familia al territorio de Montana. Su nueva vida no será fácil: conocerá el miedo, la injusticia y las fechorías de los que burlan la ley. Pero también hará nuevos amigos, como el bravo búfalo Choutón, que la ayudará a superar todos los obstáculos. Su aventura estará llena de pistoleros, forajidos, soldados de caballería, indios siux... e incluso ¡búfalos!

Boadicea Editora



Visitantes da Estrela Vermella

Mes de publicación: xullo
Texto: Tomás G. Ahola
Ilustracións: Iago Torres París
Descrición: 126 p. 14,5 x 20,5 cm
ISBN: 978-84-125812-5-6



Dril e Gat viven no Val, un lugar pequeno pero confortábel. Alí non hai guerras, tampouco propiedades. Todo o mundo colabora no sustento dos demais. Porén, algo terríbel acontece e, de súpeto, acaban nun lugar inmenso e estraño ao que chaman Terra. Alí, os destinos da xente son dominados por un goberno tiránico ao que moi poucas persoas se atreven a facer fronte. Malia que só son adolescentes, a súa chegada pode cambiar o futuro de millóns.

Dril and Gat live in the Val, a small but comfortable place. There is no war, no property. Everyone contributes to each other's livelihood. However, something terrible happens and suddenly they end up in a huge and strange place called Terra. There, people's destinies are dominated by a tyrannical government that very few people dare to stand up to. Although they are only a teenage girl and boy, their arrival may change the future of millions.

Dril y Gat viven en el Val, un lugar pequeño pero confortable. Allí no hay guerras, tampoco propiedades. Todo el mundo colabora en el sustento de los demás. Sin embargo, algo terrible sucede y, de repente, acaban en un lugar inmenso y extraño al que llaman Tierra. Allí, los destinos de la gente son dominados por un gobierno tiránico al que muy pocas personas se atreven a enfrentarse. A pesar de que solo son adolescentes, su llegada puede cambiar el futuro de millones.

A mar, amar

Mes de publicación: febreiro
Texto: Xosé Luna
Ilustración: Olaya Naveira
Descrición: 56 p. 22 x 33 cm
ISBN: 978-84-19219-00-8





O mar, a vida representada como unha sucesión de ondadas nas que só os máis impávidos son quen de florecer. O mar, que impregna os areais co agarimo propio dun horizonte que escintila esperanza.

The sea, life represented as a succession of waves in which only the most undaunted are able to flourish. The sea, which impregnates the sandy beaches with the affection of a horizon that makes hope shine.

El mar, la vida representada como una sucesión de olas en las que únicamente los más impávidos son capaces de florecer. El mar, que impregna los arenales con el cariño propio de un horizonte que hace brillar la esperanza.



Ediciones Bolanda S. L.

No bico do vento

Mes de publicación: outubro
Texto: Charo Golmar
Ilustración: Olaya Naveira
Descrición: 64 p. 23,5 x 33 cm
ISBN: 978-84-19219-30-5



Neste libro o vento leva no bico borlas de soños, angueiras dos días no rodicio e suspiros nos que cabe unha vida enteira.


In this book the wind carries in its mouth tassels of dreams, the work of the days on the millstone and sighs in which a whole life can fit.


En este libro el viento lleva en la boca borlas de sueños, trabajos de los días en la rueda del molino y suspiros en los que cabe una vida entera.

Ediciones Bolanda S. L.

Os Bolechas fan atletismo

Mes de publicación: setembro
Texto e ilustracións: Xosé Carreiro Monteiro
Descrición: 20 p. 16 x 16 cm
ISBN: 978-84-19219-34-3





Un , dous , tres... Papá Bolechas dá o sinal de saída e todos corren coma tolos cara á meta. Quen será o gañador?


One, two, three... Papa Bolechas gives the starting signal and everyone runs like crazy towards the finish line. Who will be the winner?

Uno , dos , tres... Papá Bolechas da la señal de salida y todos corren como locos hacia la meta. ¿Quién será el ganador?



Os Bolechas fan patinaxe

Mes de publicación: setembro
Texto e ilustracións: Xosé Carreiro Monteiro
Descrición: 20 p. 16 x 16 cm
ISBN: 978-84-19219-32-9




Loli é unha experta patinadora e quere ensinar aos seus irmáns. Todos van aprendendo pouco a pouco e Chispa e Tatá tamén queren aprender, aínda que non vai ser doado.

Loli is an expert skater and wants to teach her siblings. They are all learning little by little and Chispa and Tatá also want to learn, although it is not going to be easy.

Loli es una experta patinadora y quiere enseñar a sus hermanos. Todos van aprendiendo poco a poco y Chispa y Tatá también quieren aprender, aunque no va a ser fácil.

Os Bolechas van en traiñeira

Mes de publicación: setembro
Texto e ilustracións: Xosé Carreiro Monteiro
Descrición: 20 p. 16 x 16 cm
ISBN: 978-84-19219-33-6






Os Bolechas van ver unha competición de traiñeiras, cando esta remata os gañadores déixanlles aos irmáns remar.


The Bolechas go to watch a fishing boat competition, when it is over the winners leave the brothers to row.

Los Bolechas van a ver una competición de traineras, cuando esta acaba los ganadores dejan que los hermanos remen.



Os Bolechas xogan ao fútbol

Mes de publicación: setembro
Texto e ilustracións: Xosé Carreiro Monteiro
Descrición: 20 p. 16 x 16 cm
ISBN: 978-84-19219-31-2



Os irmáns Bolechas organizan un partido de fútbol; Carlos é o capitán dun equipo e Pili do outro. Como Tatá non pode xogar fará de árbitro.

The Bolechas brothers organise a football match; Carlos is the captain of one team and Pili of the other. As Tatá can't play, he acts as team arbiter.

Los hermanos Bolechas organizan un partido de fútbol; Carlos es el capitán de un equipo y Pili del otro. Como Tatá no puede jugar hará de árbitro.

A flor da letra (Estampa de lectura, con percusión, para nenas e nenos)

Mes de publicación: novembro
Texto: Manuel López Rodríguez
Ilustracións: Nuria Díaz
Descrición: 40 p. 21 x 21 cm
ISBN: 978-84-17824-76-1





Quince poemas que comparten un mesmo tema, o proceso de conversión dunha semente en flor. O autor dótaos dun ritmo áxil a través de continuas onomatopeas coas que representa os sons da percusión.


Premio Arume de Poesía para a Infancia 2021.

Fifteen poems that share the same theme, the process of turning a seed into a flower. The author gives them an agile rhythm through continuous onomatopoeias with which he represents the sounds of percussion.

Arume Poetry for Children Award 2021.

Quince poemas que comparten un mismo tema, el proceso de conversión de una semilla en flor. El autor los dota de un ritmo ágil a través de continuas onomatopeyas con las que representa los sonidos de la percusión.

Premio Arume de Poesía para la Infancia 2021.



Calendario poético

Mes de publicación: novembro
Texto: Xoán Neira
Ilustración: María Brenn
Descrición: 32 p. 21 x 21 cm
ISBN: 978-84-17824-77-8



Un percorrido en verso polas estacións do ano, as datas de referencia da vida escolar e familiar que forman parte do mundo máis próximo dos pequenos e pequenas e contribúen á nosa alegría vital.

A journey in verse through the seasons of the year, the reference dates of school and family life that are part of the world closest to the children and contribute to our joy in life.

Un recorrido en verso por las estaciones del año, las fechas de referencia de la vida escolar y familiar que forman parte del mundo más próximo de los niñas y las niñas y contribuyen a nuestra alegría vital.

Nano

Mes de publicación: abril
Texto: Concha Blanco
Ilustración: Adriana Vázquez
Descrición: 152 p. 13 x 20 cm
ISBN: 978-84-17824-66-2





A sociedade non avanza tanto na tolerancia, no respecto cara ás diferenzas (de xénero, de raza, de identidade sexual...) como debería. Nano quere ser el mesmo, pero cústalle manifestarse tal e como é. Séntese atrapado pola sociedade que o reprime, ou quizais non. Será Nano o único responsable de non botarse a voar?

Society is not making as much progress in tolerance and respect for differences (gender, race, sexual identity...) as it should. Nano wants to be himself, but he finds it difficult to express himself as he is. He feels trapped by the society that represses him, or maybe not. Is Nano the only one responsible for not taking flight?

La sociedad no avanza tanto en la tolerancia, en el respeto hacia las diferencias (de género, de raza, de identidad sexual...) como debería. Nano quiere ser el mismo, pero le cuesta manifestarse tal y como es. Se siente atrapado por la sociedad que lo reprime, o quizás no. ¿Será Nano el único responsable de no echarse a volar?



Pequena historia de Vigo

Mes de publicación: novembro
Texto: Pedro Feijoo
Ilustración: Xosé Tomás
Descrición: 52 p. 21 x 21 cm
ISBN: 978-84-17824-81-5



A medio camiño entre o álbum ilustrado e o cómic, esta obra narra en algo máis de 20 breves capítulos a vida de milleiros de anos da cidade, desde o Vigo castrexo ao Vigo máis total (sen esquecer o sinistro), pasando por todas as etapas históricas e por decenas de acontecementos sociais, culturais, políticos e militares. Debuxos realizados con precisión histórica constrúen un magnífico imaxinario visual sobre o resumo cirúrxico da historia da cidade.

Halfway between an illustrated album and a comic book, this work narrates in just over 20 short chapters the life of the city over thousands of years, from the Vigo of the castro to the most total Vigo (not forgetting the sinister one), passing through all the historical stages and dozens of social, cultural, political and military events. Hundreds of historically accurate drawings construct a magnificent visual imaginary of the surgical summary of the city's history.

A medio camino entre el álbum ilustrado y el cómic, esta obra narra en algo más de 20 breves capítulos la vida de miles de años de la ciudad, desde el Vigo castreño al Vigo más total (sin olvidar el siniestro), pasando por todas las etapas históricas y por decenas de acontecimientos sociales, culturales, políticos y militares. Dibujos realizados con precisión histórica construyen un magnífico imaginario visual sobre el resumen quirúrgico de la historia de la ciudad.

Receitas para cociñar o ar

Mes de publicación: abril
Texto: Pepablo Patinho Penya
Ilustracións: Dani Padrón
Descrición: 64 p. 13 x 20 cm
ISBN: 978-84-17824-65-5





A miña avoa tamén era unha meiga. Ela lía moitísimo máis ca min. Tiña libros por toda a casa; andeis, caixóns, arquetas...; habíaos baixo da cama e incluso na cociña! Alí tiña libros nun alzadeiro cheos de feixes de herbas que recendían de marabilla. E foi alí onde, precisamente, lin o primeiro libro que me transformou: *Receitas para cociñar o ar*.


My grandmother was also a witch. She read a lot more than I did. She had books all over the house; shelves, drawers, chests...; there were books under the bed and even in the kitchen! There she had books on a sideboard filled with piles of herbs that smelled wonderful. And it was there that I read the first book that transformed me: *Receitas para cociñar o ar*.

Mi abuela también era una bruja. Ella leía muchísimo más que yo. Tenía libros por toda la casa; estanterías, cajones, arquetas...; los había bajo la cama ¡e incluso en la cocina! Allí tenía libros en un aparador llenos de montones de hierbas que olían de maravilla. Y fue allí donde, precisamente, leí el primer libro que me transformó: *Receitas para cociñar o ar*.



Violeta Parapluie e outras historias de xente pouco corrente

Mes de publicación: novembro
Texto: Ramón D. Veiga
Ilustracións: Iván R.
Descrición: 40 p. 21 x 21 cm
ISBN: 978-84-17824-75-4



Excéntricos, estrafalarios, orixinais pero, sobre todo, encantadores. Así son os personaxes que enchen as páxinas deste libro divertido e provocador, onde se busca a risa pola extravagancia e a complicidade cos pequenos lectores e lectoras.


Eccentric, quirky, original but, above all, charming. These are the characters that fill the pages of this fun and provocative book, where laughter is sought through extravagance and complicity with young readers.

Excéntricos, estrafalarios, originales pero, sobre todo, encantadores. Así son los personajes que llenan las páginas de este libro divertido y provocador, donde se busca la risa por la extravagancia y la complicidad con los pequeños lectores y lectoras.

Feitizo no val

Mes de publicación: abril
Texto: Fátima de la Iglesia / Xosé Manuel Lobato
Ilustracións: Alumnado Escola de Sarandón / Amalia López Brea "Luchi"
Descrición: 64 p. 16,5 x 23 5 cm
ISBN: 978-84-18136-73-3






